

MEMORIA FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



A FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS.

A figura de D. Antonio Fraguas Fraguas, o seu legado intelectual e moral, destinado e orientado ó coñecemento, difusión e desenvolvemento dos trazos e contidos da cultura galega, xustifica e ampara a creación dunha entidade cultural que proxecte, conserve e dinamice o patrimonio que D. Antonio Fraguas e toda a xeración por el representada, crearon e rescataron para a conservación futura da memoria de Galicia.

O dereito de fundación, contemplado na lexislación do estado español e na propia de Galicia, permite o seu exercicio coa finalidade única, neste caso, de dotar de canle e vertebración adecuadas o amplo e complexo legado que, por vontade expresa de D. Antonio Fraguas, debe servir para incrementar a investigación, a divulgación e a conservación dos lugares da memoria que configuran a historia e a antropoloxía de Galicia.

A FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS constituíuse o día 9 de Agosto de 1.999 segundo escritura de constitución outorgada polo Notario de Santiago de Compostela, D.Enrique Roger Amat co nº 1634 do seu protocolo. Ten como espacio e referencia singularizadas o Museo do Pobo Galego, legado el mesmo do labor de D. Antonio Fraguas e doutros ilustres patróns deste Museo e produto referencial por eles querido para representar, sintetizar e edificar imaxes, sentidos e significados da tradición cultural de Galicia.

De acordo co artigo 6 dos seus estatutos, ten por obxecto:

- 1.- A achega de medios económicos para o funcionamento do Museo do Pobo Galego, como institución que representa a concreción e síntese da obra de D. Antonio Fraguas Fraguas e de todos cantos con él loitaron por un centro que recollese a cultura material e espiritual de Galicia.
- 2.- A defensa, conservación, promoción e divulgación do seu legado material e intelectual a través do apoio ó funcionamento do Museo do Pobo Galego.

A Fundación foi clasificada como de interese cultural por Orden da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 7 de setembro de 1.999(DOG do 28 de setembro) e declarada de interese galego por Orden da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 18 de outubro de 1.999 (DOG do 10 de novembro) figurando inscrita co número 1.999/21.

En cumprimento destes obxectivos, a Fundación ven desenvolvendo unha actividade continuada na que cabe destacar:

- Organización e financiamento do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas.
- Financiamento de actividades de catalogación e dixitalización dos fondos do Arquivo do Patrimonio Oral Inmaterial do Museo do Pobo Galego.
- Cofinanciamento da exposición conmemorativa do 300 aniversario da morte de Domingo de Andrade, e do centenario da declaración como Monumento Nacional de San Domingos de Bonaval, edificio que ten mostras relevantes do quefacer profesional de Andrade ademais de ser a sede do Museo do Pobo Galego.

COMPOSICIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN (2015)

Presidente de Honra: D. Alberto Nuñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia.

Presidente: Justo Beramendi González, presidente da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego.

Vicepresidente primeiro: D. Xesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Vicepresidente segundo: D. Agustín Hernández Fernandez de Rojas, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

Vicepresidente terceiro: D. Francisco Fariña Busto, presidente da Xunta Reitora do Museo do Pobo Galego.

Vocais: D. Xerardo Estévez Fernández

D. Luciano García Alén

D. Carlos García Martínez, Director do Museo do Pobo Galego

D. Xosé Antonio Gómez Segade

D. Xosé Manuel González Reboredo

D. José Carlos Martínez Cimadevila

D. Francisco Puy Muñoz

Secretario: D. Francisco Javier Sanjiao Otero, secretario da Xunta Reitora do Museo do Pobo Galego.

O PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS

Co propósito de rememorar a figura de don Antonio Fraguas Fraguas, na súa dobre vertente de pedagogo e etnógrafo, a Fundación que leva o seu nome creou o Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, encamiñado a promover a pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico do contorno dos centros escolares de Galicia.

Seguindo o ronsel do labor docente e científico que don Antonio Fraguas Fraguas exerceu durante décadas, a súa Fundación pretende alentar entre a comunidade escolar un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento da lingua e do medio e á valorización dos máis diversos elementos do noso acervo cultural, xa que acadar unha formación de calidade que prepare á nosa mocidade como cidadáns dun mundo globalizado e cada vez máis complexo é tarefa de pais, profesores, alumnos e da sociedade en xeral.

A educación patrimonial facilita a construción de coñecemento a través da memoria compartida, do patrimonio colectivo, das relacións entre a cidadanía e a súa comunidade, e pode dar aos membros desa comunidade as condicións para que sexa posible que coñezan e utilicen ese patrimonio común.

En ámbalas dúas modalidades da convocatoria, ensino primario e ensino secundario, o xurado elixe un proxecto que o centro educativo ha desenvolver durante o seguinte ano lectivo. O ámbito temático abranguerá un ou varios destes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia ou arte, e incluírá algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) relacionado co tema proposto. Contéplanse os proxectos que supoñan un maior interese ou incluso novidade pola elección do ben patrimonial, material ou inmaterial, a estudar. A súa vez téñense moi en conta as innovacións metodolóxicas e didácticas á hora de desenvolver o proxecto e que as mesmas poidan xerar, unha vez finalizado o proxecto ou durante o seu desenvolvemento, ferramentas que permitan crear materiais curriculares que supoñan innovación neste medio.

Para a posta en marcha do Proxecto Didáctico, a Fundación Antonio Fraguas Fraguas tomou en consideración as propostas máis integradoras, aquelas nas que a aprendizaxe se leve a cabo non só no aula e coa axuda do profesorado, senón cunha inmersión noutros ámbitos susceptibles de servir como espazos educativos e coa colaboración doutros membros da comunidade na que a escola está inserida, procurando unha formación integral do estudiantado que abranca todas as dimensións e non só a intelectual.

TRAXECTORIA DO PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS

O Proxecto Didáctico Antonio Fraguas institúese no ano 2003 cunha convocatoria anual con dúas modalidades, dotadas dun premio de 7.000 euros para cada unha. O premio debe dedicarse integramente á realización do proxecto, podendo incluír a adquisición de material ou equipamento destinado á realización do mesmo e de uso no ámbito escolar. A aplicación do premio deberá comprender a elaboración dos materiais que plasmen o traballo realizado, para a súa exposición. O libramento fai en dúas metades, un 50 por cento no momento da concesión e o 50 por cento restante á finalización do proxecto, cando se realice a exposición.

O premio é convocado pola Fundación Antonio Fraguas e, segundo as edicións, estivo patrocinado pola Fundación Caixa Galicia, a Fundación Caixanova e a Consellería de Cultura. A crise das caixas de aforro galegas e das súas fundacións, e a desaparición das súas achegas, puxo en perigo a continuidade mesma do Proxecto Didáctico, nun momento en que xa acadara un recoñecido prestixio entre a comunidade educativa galega, que se concretaba na maior participación de centros na súa convocatoria, tanto en termos cuantitativos como cualitativos.

O padroado da Fundación Antonio Fraguas, a partir da 7ª edición, convocada en 2010 optou por convocalo con periodicidade bienal. Dende a 8ª edición contou co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que achega o importe dos premios entregado aos gañadores do proxecto, pero a existencia doutros custos na difusión, na coordinación e na musealización dos proxectos premiados, aínda poñen en perigo a súa continuidade ao reducir os recursos da Fundación.

PUBLICACIÓNS

Un ben cultural non é tal en tanto que non se lle atribúe socialmente ese valor. Por este motivo, a Fundación Antonio Fraguas proponse difundir amplamente o propio Proxecto Didáctico e os traballos seleccionados nas edicións que se celebraron ata agora. Unha das vías escollidas é a de publicar aqueles traballos que se considera que, ademais de conter todos as características e valores enumerados, teñen un especial interese, exista urxencia na súa divulgación para coadxuvar á súa protección ou polo propia estrutura e presentación do traballo que facilita e fai atractiva a súa edición.

Ata o momento editáronse catro libros que recollen os seguintes proxectos premiados:

- *Non deas a esquecemento. Un proxecto de sensibilización ao redor do patrimonio etnográfico*, editado a partir de “O patrimonio, un recurso endóxico ameazado e esquecido” do IES de Pontecaldelas, galardonado na IV edición.
- *Embarcacións tradicionais: de Lorbé ata Ribadeo*, do IES Concepción Arenal de Ferrol, proxecto galardonado na V edición.
- *Ceibes no monte, patrimonio vivo na Terra de Turonio*, no que se recolle o traballo realizado polo IES Terra de Turonio de Gondomar, galardonado na VI edición.
- *A evolución da agricultura e a súa incidencia no patrimonio inmaterial do Concello de Trazo*, elaborado polo CPI Viaño Pequeno de Trazo, galardonado na VII edición.

PALMARÉS.

Os centros gañadores nas nove edicións do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas nas dúas categorías de ensino primario e ensino secundario resoltas até o momento actual son:

I Edición 2003

-“O Mar”. CEIP de Xuño (Porto do Son).

-“Obradoiro Antonio Fraguas de Cultura popular”. CEP Afonso VII. Caldas de Reis.

II Edición 2004

-“Os hórreos do Concello de Ribeira de Piquín”. CEIP Aníbal Otero. Ribeira de Piquín.

-“Muíños de auga no Concello de Foz”. IES de Foz.

III Edición 2005

-“A toponimia do Val Miñor”. CEP A Cruz de Camos, Nigrán.

-“O patrimonio das Pesqueiras do Miño”. IES Pedra da Auga, Ponteareas e IES Pazo da Mercé, As Neves.

IV Edición 2006

-“Educaldea”. CEP Antonio Brea Segade de Taragoña, Rianxo.

-“O patrimonio, un recurso endóxico ameazado e esquecido”. IES de Pontecaldelas.

V Edición 2007

-“As fábricas da luz de Rechinol, Portodís e Portochao como exemplo de descoñecemento do noso patrimonio cultural”. IES de Melide.

-“Embarcacións tradicionais: de Lorbé ata Ribadeo”. IES Concepción Arenal de Ferrol.

VI Edición 2008.

-“As adiviñas na fala viva”. CEIP A Cristina de Carballo.

-“Ceibes no monte”. IES Terras de Turonio de Gondomar.

VII Edición 2010-2011

-“A imaxinación no peto”. CEIP Gándara -Sofán de Carballo.

-“A evolución da agricultura e a súa incidencia no patrimonio inmaterial do Concello de Trazo”. CPI Viaño Pequeno de Trazo.

VIII Edición 2012-2013

-“Fortes da Guerra da Restauración en Vila Nova de Cerveira e Tomiño, patrimonio inmaterial”, do CEIP Pintor Antonio Fernández de Tomiño

-“Outear”, do IES Poeta Añón, de Outes.

IX Edición 2014-2015

-“Lavadores. Pasado e presente da nosa parroquia”, CEIP O POMBAL – Vigo.

- “A paisaxe lendaria e toponímica do Concello de Silleda”, IES PINTOR COLMEIRO, Silleda.